

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO (PEF) 2019-2020

I. INTRODUCCIÓN

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos das entidades locais someteranse ós principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coherente ca normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOE).

Enténdese por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOE, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sostibilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra de Gasto, aos efectos de que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, aprobada polo Consello de Ministros de 4 de xullo de 2017 (2,40% para 2018). A regra de gasto avalíase a nivel consolidado, polo que é preciso dispoñer dos datos definitivos das liquidacións e contas anuais dos entes que compoñen o perímetro de consolidación do sector público desta Deputación.

Mediante Resolución da Presidencia de 28 de febreiro de 2019 aprobase a liquidación do orzamento da propia entidade 2018, e inclúe o informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, débeda pública e período medio de pago emitido o 26 de febreiro de 2019, con motivo da liquidación do orzamento da propia entidade, que emite as seguintes conclusións:

“ Primeira: Emítase o presente informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de débeda pública a 31 de decembro de 2018. O presente informe ten carácter provisional, ao non ter datos definitivos das contas anuais de SUPLUSA e a Fundación TIC.

Segunda: A entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e incumpre o de regra de gasto na liquidación a 31 de decembro de 2018.

Terceira: Debe aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio que permita no ano en curso e no seguinte (2019-2020) o cumprimento da regra de gasto. O prazo para a súa confección é dun mes dende a constatación do incumprimento, non obstante, ésta prodúcese cando os datos do presente informe sexan definitivos.”



Con data de 8 de maio de 2019 emítase o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e débeda pública con motivo das liquidacións e contas anuais a 31 de decembro de 2018 e para acompañamento á Conta Xeral de 2018 no que se emiten as seguintes conclusións:

“ Primeira: Emítase o presente informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de débeda pública a 31 de decembro de 2018. O presente informe ten carácter definitivo.

Segunda: A entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e incumpre o de regra de gasto na liquidación a 31 de decembro de 2018.

Terceira: Debe aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio que permita no ano en curso e no seguinte (2019-2020) o cumprimento da regra de gasto. O prazo para a súa confección é dun mes dende a constatación do incumprimento.”

II. CONTIDO E TRAMITACIÓN DO PEF

De conformidade co artigo 21 da LOE, o plan económico-financeiro (en adiante PEF) conterá como mínimo a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas reflectidas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O artigo 116 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no apartado segundo, dispón que adicionalmente ó previsto no artigo 21 da LOE, o mencionado plan incluirá a lo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.



- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ó municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

O PEF será presentado, no prazo máximo de un mes dende que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación para a súa aprobación, e será remitido a Xunta de Galicia, por ter atribuída a competencia de tutela financeira sobre as entidades locais, para a súa aprobación definitiva e seguimento. A posta en marcha do plan non poderá exceder de 3 meses dende a constatación do incumprimento. (artigo 23 da LOE).

Ademais, remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e se lle dará a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

III. DIAGNOSTICO ACTUAL

Segundo o informe definitivo de 8 de maio de 2019, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e débeda pública, así como o período medio de pago da Deputación de Lugo e dos seus entes dependentes no exercicio 2018, unha vez recibidas as contas anuais de 2018 de SUPLUSA (Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA), e da Fundación TIC, formuladas, auditadas e aprobadas polos seus órganos competentes, e a liquidación definitiva do Consorcio de Bombeiros, o diagnóstico actual é o seguinte:

Estabilidade Orzamentaria:

EXERCICIO 2018					
Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	Capac/Nec. Financ. Entidade
DEPUTACION DE LUGO	80.098.631,82	76.932.076,31	-1.477.432,45	0,00	1.689.123,06
CONSORCIO BOMBEIROS	5.693.757,16	5.400.323,40	8.150,91	0,00	301.584,67
SUPLUSA	3.224.630,54	4.515.362,87	0,00	0,00	-1.290.732,33
FUNDACION TIC	1.716.363,43	1.587.796,32	0,00	0,00	128.567,11
TOTAL	90.733.382,95	88.435.558,90	-1.469.281,54	0,00	828.542,51

Regra de gasto:

EXERCICIO 2018							
Entidade	Gasto computable Liquidación 2017 sin IFS (1)	Gts. IFS 2017 (11)	(2)=[(1)-(11)]*(1+TRCPIB)	Aum./dism. (art. 12.4) (3)	Gts. IFS 2018 (4)	Límite da regra de gasto (5= 2+3)	Gasto computable Liq. 2018 (6)
DEPUTACION DE LUGO	71.785.872,69	3.153.897,29	70.279.142,81	0,00	1.193.818,81	70.279.142,81	70.841.796,11
CONSORCIO BOMBEIROS	4.740.827,07	0,00	4.854.606,92	0,00	0,00	4.854.606,92	5.392.113,89
SUPLUSA	3.298.800,92	0,00	3.377.972,14	0,00	0,00	3.377.972,14	4.088.447,20
FUNDACION TIC	1.286.349,56	0,00	1.317.221,95	0,00	0,00	1.317.221,95	1.430.673,89
TOTAL	81.111.850,24	3.153.897,29	79.828.943,82	0,00	1.193.818,81	79.828.943,82	81.753.031,09

Diferenza entre o "Límite da regra do gasto" e o "Gasto computable Liquidación 2018"

-1.924.087,27

En conclusión, a entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e incumple ca regra de gasto na liquidación a 31 de decembro de 2018.

Débeda pública:

A 31 de decembro de 2018 a Deputación de Lugo cumpre cos límites de débeda pública a nivel consolidado, segundo se amosa na seguinte información (segundo a Disposición final 31 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013):

- . Débeda viva con entidades financeiras a 31-12-2018 15.000.000,00 €
- . Débeda viva por operacións de factoring sen recurso (*)..... 172.665,00 €
- . Débeda viva co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a 31-12-2018 680.786,02 €

Total débeda viva a 31-12-2018..... 15.863.451,02 €

(*) Datos facilitados polo Banco de España referidos a Decembro de 2018.

O nivel de endebedamento, nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado Español (PDE), é o seguinte:

- . Débeda viva con entidades financeiras a 31-12-2018 3.707.294,44 €
- . Débeda viva por operacións de factoring sen recurso (*) 172.665,00 €

Total débeda viva a 31-12-2018..... 3.879.959,44 €

(*) Datos facilitados polo Banco de España referidos a Decembro de 2018.



. Dereitos recoñecidos netos por op. correntes na liquidación do orzamento de 2018 (nivel consolidado)	84.394.171,21 €
. Nivel de endebedamento a 31-12-2018 sobre dereitos recoñecidos netos por op. correntes na liquidación do orzamento de 2018	18,80 %
. Nivel de endebedamento nos termos do PDE a 31-12-2018 sobre dereitos recoñecidos netos por op. correntes na liquidación do orzamento de 2018	4,60 %
. Operacións de tesourería.....	Non existen
. Aforro bruto a nivel consolidado a 31-12-2018	31.558.885,35 €
. Aforro neto a nivel consolidado 31-12-2018	31.435.885,88 €
. Aforro neto deducidas as obrigas financiadas con remanente líquido de tesourería (8.883.456,01 €)	40.319.341,89 €

Período medio de pago:

O período medio de pago global a provedores en termos económicos correspondente ao mes de decembro de 2018 da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes segundo a metodoloxía prevista no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo é o seguinte:

Entidade	Ratio de operacións pagadas	Importe pagos mensuais	Ratio de operacións pdtes. de pago	Importe pdtes. pago mensuais	Período medio de pago mensual
Deputación Prov. de Lugo	9,38	3.041.876,39	2,75	3.016.058,25	6,08
Consortio de Bombeiros	12,00	697.394,16	11,00	789,50	12,00
Fundación TIC	4,24	102.348,58	96,00	39,48	4,28
SUPLUSA	4,36	337.461,56	0,00	0,00	4,36
PMP Global		4.179.080,69		3.016.887,23	6,55

Outra información:

O Remanente de Tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2018 é de 56.883.532,70 €.

No Orzamento Xeral 2019 prevese o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Esta entidade non está suxeita a ningún plan de axuste, e prevé levar ao próximo Pleno que se celebre unha vez constituída a nova corporación, o plan económico financeiro de reequilibrio que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento da regra de gasto (2019-2020), co contido e na forma que establecen os artigos 21 e 23 da LOE.

IV. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO

Os seguintes cadros, relativos ás liquidacións da Deputación Provincial de Lugo dos exercicios 2016, 2017 e 2018, representan a media porcentual das obrigas recoñecidas dos devanditos anos respecto dos créditos definitivos, separando as obrigas do propio exercicio das procedentes de incorporacións de remanentes de crédito de anos anteriores, por considerar que teñen un diferente nivel de execución:

CAPÍTULOS	2016								
	Crédito definitivos			Obrigas Recoñecidas Netas			% O.R. sobre C.D.		
	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorpor.	Total
I GASTOS PERSOAL	22.182.235,14	595.355,04	22.777.590,18	20.517.519,86	590.615,63	21.108.135,49	92,50%	99,20%	92,67%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	14.075.738,86	1.768.887,87	15.844.626,73	7.403.892,61	1.354.787,64	8.758.680,25	52,60%	76,59%	55,28%
III GASTOS FINANCIEROS	89.348,30	0,00	89.348,30	50.033,53	0,00	50.033,53	56,00%	-	56,00%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	16.329.459,33	11.148.207,53	27.477.666,86	7.999.621,28	10.053.817,76	18.053.439,04	48,99%	90,18%	65,70%
IV' TRANSF. A ENTES DEPENDIENTES	7.328.822,50	553.129,06	7.881.951,56	6.219.958,62	291.313,12	6.511.271,74	84,87%	-	82,61%
VI INVESTIMENTOS REAIS	16.100.347,18	5.731.359,67	21.831.706,85	3.017.699,32	2.730.722,30	5.748.421,62	18,74%	47,65%	26,33%
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	15.817.691,62	7.680.105,56	23.497.797,18	6.571.476,29	5.723.964,00	12.295.440,29	41,55%	74,53%	52,33%
II' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	0,00	210.000,00	210.000,00	0,00	152.640,96	152.640,96	#¡DIV/0!	72,69%	72,69%
III' VARIAC. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00	0,00	300.000,00	103.000,00	0,00	103.000,00	34,33%	-	34,33%
IX VARIAC. PASIVOS FINANCIEROS	113.464,33	0,00	113.464,33	113.464,33	0,00	113.464,33	100,00%	-	100,00%
TOTAIS	92.337.107,26	27.687.044,73	120.024.151,99	51.996.665,84	20.897.861,41	72.894.527,25	56,31%	75,48%	60,73%

CAPÍTULOS	2017								
	Crédito definitivos			Obrigas Recoñecidas Netas			% O.R. sobre C.D.		
	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporación	Total
I GASTOS PERSOAL	22.079.917,32	413.441,40	22.493.358,72	20.492.737,17	407.875,50	20.900.612,67	92,81%	98,65%	92,92%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	14.206.031,13	4.095.528,66	18.301.559,79	9.472.384,90	3.668.861,98	13.141.246,88	66,68%	89,58%	71,80%
III GASTOS FINANCIEROS	18.777,83	0,00	18.777,83	2.652,01	0,00	2.652,01	14,12%	-	14,12%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	16.050.396,62	6.943.183,39	22.993.580,01	7.552.793,58	5.021.455,06	12.574.248,64	47,06%	72,32%	54,69%
IV' TRANSF. A ENTES DEPENDIENTES	7.032.895,83	567.064,07	7.599.959,90	5.632.751,03	355.269,07	5.988.020,10	80,09%	62,65%	78,79%
VI INVESTIMENTOS REAIS	30.648.873,03	13.573.734,21	44.222.607,24	3.094.686,27	9.371.871,03	12.466.557,30	10,10%	69,04%	28,19%
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	21.224.228,60	8.346.186,68	29.570.415,28	9.359.353,37	7.107.900,44	16.467.253,81	44,10%	85,16%	55,69%
II' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	#jDIV/0!	#jDIV/0!	#jDIV/0!
III VARIAC. ACTIVOS FINANCIEROS	504.769,23	0,00	504.769,23	234.269,23	0,00	234.269,23	46,41%	-	46,41%
IX VARIAC. PASIVOS FINANCIEROS	113.464,33	0,00	113.464,33	113.464,33	0,00	113.464,33	100,00%	-	100,00%
TOTAIS	111.879.353,92	33.939.138,41	145.818.492,33	55.955.091,89	25.933.233,08	81.888.324,97	50,01%	76,41%	56,16%

CAPÍTULOS	2018								
	Crédito definitivos			Obrigas Recoñecidas Netas			% O.R. sobre C.D.		
	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporación	Total
I GASTOS PERSOAL	22.605.163,26	338.211,89	22.943.375,15	20.946.088,38	332.720,83	21.278.809,21	92,66%	98,38%	92,74%
II GASTOS EN BENS CORRENTES	14.281.127,02	2.581.481,29	16.862.608,31	9.331.468,55	1.682.933,93	11.014.402,48	65,34%	65,19%	65,32%
III GASTOS FINANCIEROS	51.600,00	0,00	51.600,00	9.476,54	0,00	9.476,54	18,37%	-	18,37%
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.875.402,63	7.575.229,35	23.450.631,98	6.105.297,47	6.375.231,44	12.480.528,91	38,46%	84,16%	53,22%
IV' TRANSF. A ENTES DEPENDIENTES	6.655.300,03	545.579,36	7.200.879,39	6.035.361,00	435.895,82	6.471.256,82	90,69%	-	89,87%
VI INVESTIMENTOS REAIS	14.340.018,62	27.180.354,57	41.520.373,19	2.859.082,68	9.494.536,61	12.353.619,29	19,94%	34,93%	29,75%
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.246.267,64	12.144.249,09	31.390.516,73	4.655.601,48	8.668.381,58	13.323.983,06	24,19%	71,38%	42,45%
II' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	240.000,00	0,00	240.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00%	#jDIV/0!	0,00%
III VARIAC. ACTIVOS FINANCIEROS	380.769,23	0,00	380.769,23	217.042,35	0,00	217.042,35	57,00%	-	57,00%
IX VARIAC. PASIVOS FINANCIEROS	113.464,33	0,00	113.464,33	113.464,33	0,00	113.464,33	100,00%	-	100,00%
TOTAIS	93.789.112,76	50.365.105,55	144.154.218,31	50.272.882,78	26.989.700,21	77.262.582,99	53,60%	53,59%	53,60%

	% O.R. sobre C.D. 2016 - 2017 - 2018		
	Corrente	Incorporacións	Total
I	92,66%	98,74%	92,78%
II	61,54%	77,12%	64,13%
III	29,50%	-	29,50%
IV	44,83%	82,22%	57,87%
IV'	85,22%	65,07%	83,76%
VI	16,26%	50,54%	28,09%
VII	36,61%	77,02%	50,15%
VII'	0,00%	-	-
VIII	45,92%	-	45,92%
IX	100,00%	-	100,00%
TOTAL	53,31%	58,15%	56,83%

Si o ritmo de execución do exercicio 2018 fose o da media dos tres derradeiros exercicios presentaría a seguinte liquidación:

CAPÍTULOS	Crédito definitivos			Media (16-17-18) % O.R. sobre C.D.			Obrigas Recoñecidas Netas		
	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total	Corrente	Incorporacións	Total
I GASTOS PERSOAL	22.605.163,26	338.211,89	22.943.375,15	92,66%	98,74%	92,78%	20.945.944,28	333.950,42	21.279.894,70
II GASTOS EN BENS CORRENTES	14.281.127,02	2.581.481,29	16.862.608,31	61,54%	77,12%	64,13%	8.788.605,57	1.990.838,37	10.779.443,94
III GASTOS FINANCEIROS	51.600,00	0,00	51.600,00	29,50%	-	29,50%	15.222,00	0,00	15.222,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	15.875.402,63	7.575.229,35	23.450.631,98	44,83%	82,22%	57,87%	7.116.943,00	6.228.353,57	13.345.296,57
IV' TRANSF. A ENTES DEPENDIENTES	6.655.300,03	545.579,36	7.200.879,39	85,22%	65,07%	83,76%	5.671.646,69	0,00	5.671.646,69
VI INVESTIMENTOS REAIS	14.340.018,62	27.180.354,57	41.520.373,19	16,26%	50,54%	28,09%	2.331.687,03	13.736.951,20	16.068.638,23
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.246.267,64	12.144.249,09	31.390.516,73	36,61%	77,02%	50,15%	7.046.058,58	9.353.500,65	16.399.559,23
VII' TRANSF. ENTES DEPENDIENTES	240.000,00	0,00	240.000,00	0,00%	0,00%	0,00%	0,00	0,00	0,00
VIII VARIAC. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23	0,00	380.769,23	45,92%	-	45,92%	174.849,23	0,00	174.849,23
IX VARIAC. PASIVOS FINANCEIROS	113.464,33	0,00	113.464,33	100,00%	-	100,00%	113.464,33	0,00	113.464,33
TOTAIS	93.789.112,76	50.365.105,55	144.154.218,31	53,31%	58,15%	56,83%	52.204.420,70	31.643.594,21	83.848.014,91

Como pode observarse, o grao de execución real do orzamento do exercicio 2018 foi inferior á media dos tres derradeiros exercicios (2016 - 2017 - 2018) en 3,23 puntos porcentuais. A nivel desglosado o orzamento corrente supera en case 0,29 puntos e a nivel de remanentes de crédito incorporados foi inferior en 4,56 puntos.

En termos absolutos, a execución do exercicio 2018 dos gastos non financeiros (capítulos I a VII, excluindo o capítulo III), comparándoa coa que teríamos no caso de seguir o mesmo ritmo de execución que a media dos tres derradeiros exercicios, é inferior en 6.621.879,58 € (1.967.985,58 € de orzamento corrente e 4.653.894,00 € a nivel de incorporacións de remanentes).

Polo que conclúese que a media dos 3 derradeiros anos non é acertada para controlar o cumprimento da regra de gasto no exercicio 2018. Este criterio foi o utilizado por la Intervención Provincial xa no PEF 2012-2013 e pola IGAE nas guías para a determinación da regra de gasto para corporacións locais nas primeiras edicións, para estimar o grao de execución na confección dos orzamentos locais pasando, axustando cos valores atípicos que puideran existir en cada caso. Na 3ª edición da citada guía en 2014, modifícase o criterio indicando o seguinte “estimarase por cada Entidade Local en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferenzas entre as previsións orzamentarias e a execución real “. A pesar de que o ritmo de execución de gasto no 2018 foi inferior a media dos tres últimos anos, e polo tanto, contiñose o gasto, non foi suficiente para cumprir ca regra de gasto, probablemente porque no ano 2017 o nivel de execución foi inferior respecto de 2016, reducindo o límite computable de gasto para o seguinte ano, producindo un efecto perverso tal como esta regulado o cálculo da regra de gasto.

O incumprimento da regra de gasto foi por un importe de 562.653,30 € no caso da Deputación de Lugo, 537.506,97 € no Consorcio de bombeiros, 710.475,06 € en Suplusa, 113.451,94 € na Fundación TIC, e de 1.924.087,27 € a nivel consolidado.

Na Deputación, como punto atípico temos o Plan extraordinario de rehabilitación de firmes de vías provinciais 2017-2019 (PERF), financiado con operación de crédito por importe de 15 millóns de euros, iníciáanse as adxudicacións de obras en 2017 sendo en 2018 cando se inician os recoñecementos de obrigas que alcanza a 31 de decembro a 4.185.119,87 euros e a 1.410.528,04 euros certificados pendentes de recoñecer (conta 413) que computan igualmente no cálculo da regra de gasto, estando actualmente en plena execución de obra, quedando como mínimo pendente de adxudicar obras por importe de 1.270.168,23 euros. O PERF considerase a causa do incumprimento da regra de gasto na Deputación, por estar financiado cunha operación de crédito e non executarse cun ritmo homoxéneo nos tres exercicios 2017-2019, como queda posto de manifesto, é unha causa conxuntural.



No caso do Consorcio de bombeiros incúmprese a regra de gasto por un importe de 537.506,97 €, motivado na súa totalidade pola xeración de crédito por un importe de 659.339,64 € e posterior execución orzamentaria (recoñecemento da obriga e pago) para dar cobertura ao acordo do Pleno do Consorcio de 21 de maio de 2018 no que se aprobaba un incremento dos contratos coas empresas adjudicatarias da xestión indirecta dos servizos de intervención en emerxencias do persoal dos Parques de Bombeiros polos incrementos salariais do persoal dos mesmos, polo tanto, é unha causa estrutural.

No caso de SUPLUSA incúmprese a regra de gasto por un importe de 710.475,06 €, segundo o informe facilitado pola presidencia da sociedade “*a causa do incumprimento do obxectivo de estabilidade e regra de gasto corresponde ás cantidades executadas pola construción dos centros de atención a maiores, que no exercicio 2018 ascenden a 2.951.705,54 €. Esta construción realizase en cumprimento da encomenda de xestión realizada polo Pleno da Deputación de Lugo, en data 26 de outubro de 2010, e financiase, polo tanto, con cargo a ingresos recibidos en exercicios anteriores. A inexistencia do desaxuste entre gastos (efectivamente realizados) e ingresos (recoñecidos en anos anteriores) supón unha capacidade de financiamento de 1.660.973,21 €. A efectos de formulación do correspondente plan económico financeiro ... indicar que esta Sociedade xa rematou a construción dos centros iniciados no exercicio 2018 e a execución de novos centros ou desenvolvemento de novas iniciativas de actuacións urbanística non debería superar a cantidade de 1.650.000,00 € para acadar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.*”

No caso da Fundación TIC incúmprese a regra de gasto por un importe de 113.451,94 €, o aumento respecto de 2017 deriva de gastos en persoal e inmovilizado. Como consecuencia da extinción da Fundación TIC con efectos do día 31 de decembro de 2018 e a sucesión universal pola Deputación Provincial de Lugo de todas as obrigas, contratos, relacións laborais, bens e dereitos da Fundación, é polo que o gasto computable do exercicio 2018 aos efectos da regra de gasto da Deputación de Lugo se engaden os importes relativos da Fundación TIC.

V. PREVISIÓNS TEMPORAIS

As hipóteses para á estimación das liquidacións dos exercicios 2019 e 2020 son as seguintes:

- **Para o exercicio 2019** tivéronse en conta os importes incluídos no informe emitido o 30 de abril de 2019 relativo ao 1º trimestre e remitido ao Ministerio de Facenda, actualizado ca información dispoñible. Para este informe utilizáronse os seguintes criterios:

Na propia Deputación:

- As achegas ordinarias ós entes dependentes prevense no 100%. As derivadas de encomendas específicas realízase unha análise da previsión individualizada.
- Cargas financeiras: 100% do previsto no orzamento nos capítulos 3 y 9.
- Resto de aplicacións: pola media porcentual das obrigas recoñecidas nos anos 2016-2017-2018 respecto dos créditos definitivos, separando as obrigas do propio exercicio das procedentes de incorporacións de remanentes de crédito de anos anteriores, por



considerar que teñen un diferente nivel de execución, segundo se desprende dos cadros relativos aos grados de execución das liquidación de 2016, 2017 e 2018, con axustes nos capítulos I e II en función do nivel de execución.

- En ingresos realízase unha análise individualizada por conceptos considerando os niveis de execución que presentan a liquidación a 31 de decembro de 2018, o estado de execución do orzamento á data do informe e demais información certa dispoñible.

Segundo a información remitida polo Consorcio as hipóteses para á estimación da liquidación a 31 de decembro de 2019 son as seguintes:

- En gastos: se prevé un nivel de execución do 100 % dos créditos definitivos nas aplicacións orzamentarias dos capítulos 1 e 6 e do 96,66 % no capítulo II (media porcentual do grao de execución dos derradeiros tres exercicios).
- En ingresos: realízase unha análise individualizada por conceptos considerando os niveis de execución a 31 de marzo e demais información dispoñible.

No caso de Suplusa, as hipótese para á estimación das contas anuais a 31 de decembro de 2019 son as seguintes:

- En gastos: realízase unha análise individualizado das partidas considerando os niveis de execución a 31 de marzo e demais información dispoñible.
- En ingresos: realízase una análise individualizado por conceptos considerando os niveis de execución que presentan os niveis de execución a 31 de marzo e demais información dispoñible.

- **Para o exercicio 2020** utilízanse os importes incluídos nos plans Orzamentarios 2020-2021-2022 aprobados por Resolución da Presidencia do 15 de marzo de 2019 que se elaboran tendo en conta a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española que para os exercicios 2019 e 2020 que son do 2,7 e 2,8. Estímase para o exercicio 2020 un importe de incorporacións de remanentes de crédito e modificacións financiadas con remanente de Tesourería para Gastos Xerais similar ao do exercicio 2019 a data actual, tendo en conta a minoración na execución por incorporacións no capítulo VI pola finalización do PERF. O resto das hipóteses son análogas as previstas para o exercicio 2019.

Tense en conta a previsión de aumentos e diminucións por cambios normativos, que supoñen aumentos e diminucións permanentes da recadación, (artigo 12.4 da LOE). En concreto, para 2019 o aumento por recadación do prezo público dos Centros de atención a Maiores segundo a previsión orzamentaria 2019 minorada nun 25%, dadas as datas de apertura dos mesmos, ascendente a 1.291.633,56 €. Para 2020 tense en conta a previsión do 25% restante anterior 430.544,36 €, así como a diminución de 530.000,00 € pola modificación da tarifa no servizo provincial de recadación nos concellos da provincia, aprobada con efectos de 1 de xaneiro de 2019 e repercusión orzamentaria no ano 2020.



Estabilidade orzamentaria:

EXERCICIO 2019					
Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	Capac/Nec. Financ. Entidade
DEPUTACION DE LUGO	87.035.556,97	86.316.522,73	2.431.128,43	0,00	3.150.162,67
CONSORCIO BOMBEIROS	5.799.500,20	6.214.292,13	0,00	0,00	-414.791,93
SUPLUSA	3.085.430,99	3.282.148,68	0,00	0,00	-196.717,69
TOTAL	95.920.488,16	95.812.963,54	2.431.128,43	0,00	2.538.653,05

EXERCICIO 2020					
Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	Capac/Nec. Financ. Entidade
DEPUTACION DE LUGO	85.386.005,81	83.769.510,71	6.690.287,60	0,00	8.306.782,70
CONSORCIO BOMBEIROS	5.962.089,01	5.962.089,01	254.022,49	0,00	254.022,49
SUPLUSA	3.340.378,34	3.340.378,34	0,00	0,00	0,00
TOTAL	94.688.473,16	93.071.978,06	6.944.310,09	0,00	8.560.805,19

Regra de gasto:

Entidade	Gasto computable Liquidación 2018	Tasa de referencia 2019	Aum./dism. (art. 12.4)	Límte da regra do gasto 2019	Gasto computable previsión Liq. 2019	Cumprimento/incumprimento regra gasto
DEPUTACION DE LUGO	70.841.796,11	72.754.524,60	1.291.633,56	74.046.158,16	78.228.922,50	-4.182.764,34
CONSORCIO BOMBEIROS	5.392.113,89	5.537.700,97	0,00	5.537.700,97	6.214.192,13	-676.491,16
SUPLUSA	4.088.447,20	4.198.835,27	0,00	4.198.835,27	3.282.148,68	916.686,59
FUNDACIÓN TIC	1.430.673,89	1.469.302,09		1.469.302,09	0,00	1.469.302,09
TOTAL	81.753.031,09	83.960.362,93	1.291.633,56	85.251.996,49	87.725.263,31	-2.473.266,82



EXERCICIO 2020						
Entidade	Gasto computable Liquidación 2019	Tasa de referencia 2020	Aum./dism. (art. 12.4)	Límte da regra do gasto 2020	Gasto computable previsión Liq. 2020	Cumprimento/incumprimento regra gasto
DEPUTACION DE LUGO	78.228.922,50	80.518.787,97	0,00*	80.518.787,97	78.465.163,20	2.053.624,77
CONSORCIO BOMBEIROS	6.214.192,13	6.388.189,51	0,00	6.388.189,51	5.707.966,52	680.222,99
SUPLUSA	3.282.148,68	3.374.048,84	0,00	3.374.048,84	3.340.378,34	33.670,50
TOTAL	87.725.263,31	90.281.026,32	0,00	90.281.026,32	87.513.508,06	2.767.518,26

*Dado que o programa PEFEL2 non contempla o aumento/diminución (art.12.4) no cálculo da regra de gasto 2020, aplicase na columna de Gasto Computable Liquidación 2019 da Deputación a cantidade de -96.746,73 €, que aplicada a taxa de referencia de 2,8 % ascende a -99.455,64 €.

Sostibilidade financeira:

EXERCICIO 2019					
Entidade	D.R.N. CORRENTES	Axustes D.F. 31ª LPGE 2013	D.R.N. axustados	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
DEPUTACION DE LUGO	83.995.912,86	0,00	83.995.912,86	15.567.321,69	18,53%
CONSORCIO BOMBEIROS	5.799.500,20	0,00	5.799.500,20	0,00	0,00
SUPLUSA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	89.795.413,06	0,00	89.795.413,06	15.567.321,69	17,34%

EXERCICIO 2020					
Entidade	D.R.N. CORRENTES	Axustes D.F. 31ª LPGE 2013	D.R.N. axustados	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
DEPUTACION DE LUGO	85.849.407,16	0,00	85.849.407,16	13.953.857,36	16,25%
CONSORCIO BOMBEIROS	5.962.089,01	0,00	5.962.089,01	0,00	0,00
SUPLUSA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	91.811.496,17	0,00	91.811.496,17	13.953.857,36	15,20%



VI. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORREXIR A SITUACIÓN

Polo visto ata agora pódese concluír que a causa do incumprimento é o menor grao de execución no exercicio 2017 respecto de 2016, a execución non homoxénea do PERF nos anos 2017- 2019 que financiase cunha operación de crédito de 15 millóns, a execución por riba da media dos 3 derradeiros anos no caso do Consorcio de bombeiros e por un incremento do nivel de gasto no exercicio 2018 respecto a 2017 no caso da Fundación TIC e de Suplusa por construción dos centros de atención a maiores financiada con fondos de anos anteriores, sendo causas non estruturais agás o Consorcio de bombeiros.

Por outra banda, debemos ter en conta que á data da elaboración do presente plan está aprobado o orzamento do exercicio 2019, que prevé o cumprimento da regra de gasto fixando o teito de gasto en 89.272.105,54 €, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerase necesario cuantificar no exercicio 2019 unha redución no nivel de execución no capítulo VI na Deputación propoñendo tramitar as adxudicacións pendentes do PERF como gasto anticipado, cuantificadas como mínimo en 1.270.168,23 €, en Suplusa a contención proposta reducindo a execución do gasto en 1.301.705,54 € respecto de 2018.

Debe terse en conta a aplicación do aumento de gasto por cambios normativos que permiten aumentos permanentes de recadación de 1.291.633,56 € en 2019 e de -99.455,64 € en 2020.

(Ter en conta a nota * Dado que o programa PEFEL2 non contempla o aumento/diminución (art.12.4) no cálculo da regra de gasto 2020, aplicase na columna de Gasto Computable Liquidación 2019 da Deputación a cantidade de -96.746,73 €, que aplicada a taxa de referencia de 2,8 % ascende a -99.455,64 €).

VII. CONCLUSIÓN E OBXECTIVO

Estabilidade orzamentaria:

EXERCICIO 2019			
Entidade	Capacidade/necesidade financiamento previa	Efecto medidas	Capacidade/necesidade financiamento PEF
DEPUTACION DE LUGO	3.150.162,67	1.270.168,23	4.420.330,90
CONSORCIO BOMBEIROS	-414.791,93	0,00	-414.791,93
SUPLUSA	-196.717,69	1.301.705,54	1.104.987,85
TOTAL	2.538.653,05	2.571.873,77	5.110.526,82

EXERCICIO 2020			
Entidade	Capacidade/necesidade financiamento previa	Efecto medidas	Capacidade/necesidade financiamento PEF
DEPUTACION DE LUGO	8.306.782,70	0,00	8.306.782,70
CONSORCIO BOMBEIROS	254.022,49	0,00	254.022,49
SUPLUSA	0,00	0,00	0,00
TOTAL	8.560.805,19	0,00	8.560.805,19

Regra do gasto:

EXERCICIO 2019			
Entidade	Gasto Computable PEF	Límite Regra de Gasto del PEF	Cumprimento/incumplimento regra gasto PEF
DEPUTACION DE LUGO	76.958.754,27	74.046.158,16	-2.912.596,11
CONSORCIO BOMBEIROS	6.214.192,13	5.537.700,97	-676.491,16
SUPLUSA	1.980.443,14	4.198.835,27	2.218.392,13
FUNDACION TIC	0,00	1.469.302,09	1.469.302,09
TOTAL	85.153.389,54	85.251.996,49	98.606,95



EXERCICIO 2020			
Entidade	Gasto Computable PEF	Límite Regra de Gasto del PEF	Cumprimento/incumplimento regra gasto PEF
DEPUTACION DE LUGO	78.465.163,20	79.113.599,39	648.436,19
CONSORCIO BOMBEIROS	5.707.966,52	6.388.189,51	680.222,99
SUPLUSA	3.340.378,34	2.035.895,55	-1.304.482,79
TOTAL	87.513.508,06	87.537.684,45	24.176,39

Sostibilidade financeira:

EXERCICIO 2019					
Entidade	D.R.N. CORRENTES	Efecto medidas	D.R.N. axustados PEF	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
DEPUTACION DE LUGO	83.995.912,86	0,00	83.995.912,86	15.567.321,69	18,53%
CONSORCIO BOMBEIROS	5.799.500,20	0,00	5.799.500,20	0,00	0,00
SUPLUSA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	89.795.413,06	0,00	89.795.413,06	15.567.321,69	17,34%

EXERCICIO 2020					
Entidade	D.R.N. CORRENTES	Efecto medidas	D.R.N. axustados PEF	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
DEPUTACION DE LUGO	85.319.407,16	0,00	85.319.407,16	13.953.857,36	16,35%
CONSORCIO BOMBEIROS	5.962.089,01	0,00	5.962.089,01	0,00	0,00
SUPLUSA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	91.281.496,17	0,00	91.281.496,17	13.953.857,36	15,29%



Cos datos anteriores, cumprimentáronse os formularios habilitados na plataforma da Oficina Virtual das Entidades Locais do Ministerio de Facenda para a elaboración e remisión dos Plans Económicos Financeiros (PEF), e pasaron as validacións previas ao proceso de firma dixital.

En conclusión, as previsións das liquidacións dos orzamentos 2019 e 2020, en termos de contabilidade nacional, amosan o cumprimento da regra do gasto.

Lugo, 7 de xuño de 2019

O Presidente, en funcións

Darío Campos Conde

A Interventora Xeral,

Rosa Abelleira Fernández

